

EDICTO

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estadística e Edusi deste Concello de Ferrol por delegación da Alcaldía de data 08/07/2019 (BOP 22/07/2019), dictou con data resolución 07/06/2020 resolución en relación coa aprobación de REANUDACIÓN PRAZOS ÁMBITO XESTIÓN DE INGRESOS cuio tener literal dí:

ANTECEDENTES

Primeiro: Tralo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo e trala aprobación do Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, a concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estadística e Edusi deste Concello de Ferrol por delegación da Alcaldía de data 08/07/2019 (BOP 22/07/2019) dictou con data 24/03/2020 unha resolución en relación coa aprobación de MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN FISCAL PARA OS CONTRIBUENTES DO CONCELLO DE FERROL (BOP nº 61 de 17/04/2020) e que foi posteriormente modificado pola Resolución de 13/05/2020 (BOP nº 72 de 25/05/2020)

Segundo: O RD-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 establece no seu artigo 53 a suspensión de prazos no ámbito tributario das entidades locais con o seguinte tenor:

“Lo dispuesto en el artículo 33 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19, será de aplicación a las actuaciones, trámites y procedimientos que se rijan por lo establecido en la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, y sus reglamentos desarrollo y que sean realizados y tramitados por las Administraciones tributarias de las Comunidades Autónomas y Entidades Locales, siendo asimismo aplicable, en relación con estas últimas, a las actuaciones, trámites y procedimientos que se rijan por el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.”

Tamén, de conformidade coa DA 8ª.2 do mesmo RD-lei se establece:

“2. En particular, en el ámbito tributario, desde la entrada en vigor del Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, hasta el 30 de abril de 2020, el plazo para interponer recursos de reposición o reclamaciones económico administrativas que se rijan por la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, y sus reglamentos de desarrollo empezará a contarse desde el 30 de abril de 2020 y se aplicará tanto en los supuestos donde se hubiera iniciado el plazo para recurrir de un mes a contar desde el día siguiente a la notificación del acto o resolución impugnada y no hubiese finalizado el citado plazo el 13 de marzo de 2020, como en los supuestos donde no se hubiere notificado todavía el acto administrativo o resolución objeto de recurso o reclamación. Idéntica medida será aplicable a los recursos de reposición y reclamaciones que, en el ámbito tributario, se regulan en el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.”

Por último, no ámbito tributario, tamén sinala na súa DA 9ª, o seguinte:

- ✓ O período **dende o 14/03/2020** (declaración do estado de alarma polo RD 463/2020) e o **30/05/2020** (DA 1ª RD-lei 15/2020) quedan suspendidos os prazos de prescripción e caducidade de calesquera accións e dereitos contemplados na normativa tributaria.
- ✓ O prevenido no apartado anterior será de aplicación aos procedementos, actuación e trámites que se rexan polo establecido na Lei Xeral Tributaria aprobada por Lei 58/2003, de 17 de decembro, e os seus regulamentos de desenvolvemento e que sexan realizados polas administracións tributarias das entidades locais, así como, aos que se rexan polo TRLFL.
- ✓ O prevenido no artigo 33 do RD-Lei 8/2020 para as débedas tributarias, tamén resultará de aplicación aos demais recursos de natureza pública.

Terceiro: Ademáis, con data 21 de abril, aprobouse o Real Decreto-lei 15/2020, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, en cuia Disposición Adicional Primeira, extendéronse **os prazos previstos no artigo 33 do Real Decreto- Lei 8/2020 de 17 de marzo ata o 30/05/2020.**

Cuarto: O estado de alarma inicial acordado no RD 463/2020 foi obxecto de diversas prórrogas, estando recentemente prorrogado polo RD 537/2020 de 22 de maio ata o vindeiro 07/06/2020 ás 00:00 horas.

No dito RD 537/2020 de prórroga, **con efectos de 01/06/2020, o cómputo dos prazos administrativos que tiveran sido suspendidos se reanudan ou se reinician** se así se tivera previsto nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas (Disposición derogatoria única punto 2).

Tamén se deroga polo punto 1 da mesma Disposición derogatoria, e con efectos do 04/06/2020, a suspensión, durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas, dos prazos de prescripción e caducidade de calesquera accións e dereitos.

Quinto: Finalmente, nas medidas de flexibilización adoptadas polo Concello se incluía a modificación do Calendario do Contribuinte aprobado para 2020 (BOP nº 243 de 23/12/2019) no que se acordaba ampliar o período voluntario de pago dunha serie de liquidacións de ingreso periódico e notificación colectiva (voluntarias números 3 a 25), en aras a paliar os efectos negativos derivados deste estado transitorio e excepcional facilitando aos obrigados ao pago o cumprimento das súas obrigas tributarias.

Dende as 00:00 horas do 11/05/2020 entrou en vigor a fase I do Plan para a transición hacia unha nova normalidade, regulado na Orde SND/399/2020 de 9 de maio, e de aplicación á CCAA de Galicia, fase na que se procede flexibilizar determinadas medidas **entre as que se atopa a reapertura ao público das terrazas ao aire libre das actividades de hostelería e**

restauración, establecéndose nos ditos establecementos unhas limitacións moi importantes:

- Ocupación máxima permitida nas ditas terrazas de dez personas por mesa ou agrupación de mesas.
- Limitación ao 50% do número de mesas permitidas con respecto ao ano inmediatamente anterior.

A partir das 00:00 horas do 25/05/2020 a nosa CCAA se atopa na fase II do Plan para a transición hacia unha nova normalidade regulado na Orde SND/414/2020 de 16 de maio, establecendo unhas maiores condicións de flexibilización das restricións establecidas polo o estado de alarma, se ben se continúa cunhas limitacións moi importantes para o sector da hostelería e restauración que se poden resumir en:

- Reapertura ao público dos establecementos de hostelería e restauración para consumo no local sempre que non se supere o 40% do seu aforo.
- O consumo dentro do local únicamente poderá realizarse sentado en mesa, ou agrupacións de mesa, e preferentemente mediante reserva previa. En ningún caso se admitirá o autoservicio en barra por parte do cliente.
- Posibilidade de ofrecer produtos de libre servizo, xa sexan frescos ou elaborados con anticipación, para libre disposición dos clientes sempre que sexa asistido con pantalla de protección, a través de emplatados individuais e/ou monodosis debidamente preservadas do contacto con o ambiente.
- **A prestación do servizo nas terrazas ao aire libre dos establecementos de hostelería e restauración será do mesmo xeito que na fase I**
- Asegurar o mantemento da distancia física de dous metros entre mesas ou, no seu caso, agrupacións de mesas.

Como consecuencia das tan importantes medidas de restricción existentes, **o pasado día 28 de maio de 2020 o Pleno do Concello de Ferrol aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza número 19 reguladora da taxa por ocupación por mesas e cadeiras** con finalidade lucrativa do dominio público (BOP nº 81 de 05/06/2020) que prevé o establecemento dunha disposición transitoria **para suspender a aplicación da ordenanza fiscal do 14/03/2020 ao 31/08/2020** e que as taxas xa devengadas durante o exercicio 2020 serán obxecto de rateo polo período da suspensión sinalada.

É pois preciso voltar á normalidade das medidas específicas de flexibilización fiscal adoptadas polo Concello de Ferrol na Resolución de 24 de marzo de 2020, toda vez que non ten sentido anudar os procedementos tributarios ao estado de alarma e as súas prórrogas posto que se están a dilatar moito no tempo e, tamén, tendo en conta que xa foi aprobado un Plan para a transición a unha nova normalidade coas medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19. Plan que xa se atopa moi avanzado; *“coa conseguinte reactivación da actividade económica, da mobilidade e das necesidades dos cidadáns de acceder aos servizos tanto públicos como privados, que fai convinte facilitar o*

normal desenvolvemento dos procedementos administrativos e xudiciais” (Exp.motivos do RD 537/2020). **En consecuencia, a funcionaria que suscribe propón:**

Primeiro: Levantar as suspensións establecidas nos puntos cuarto, quinto, sexto, e noveno da Resolución de 24/03/2020.

Segundo: O punto décimo da antedita Resolución de 24/03/2020 quedará, de conformidade coa lexislación existente, coa seguinte redacción:

*“Nos recursos de reposición e reclamacións que, no ámbito tributario, se regulen no texto refundido da Lei de Facendas Locais aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLFL) **dende o 14/03/2020** (declaración do estado de alarma polo RD 463/2020) e **o 30/05/2020** (DA 1ª RD-lei 15/2020) o prazo para interpoñer os mesmos empezará a contarse dende o 30/05/2020 e será de aplicación tanto nos supostos onde se tivera iniciado o prazo para recorrer dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do acto ou resolución impugnada e non tivese finalizado o dito prazo o 13/03/2020, como nos supostos onde non se tivera notificado todavía o acto administrativo ou resolución obxecto de recurso ou reclamación.”*

Terceiro: Modificación do Calendario do Contribuinte aprobado para 2020 (BOP nº 243 de 23/12/2019):

1. Voluntaria nº 8

Vol	INICIO	FIN	CARGO CTA.	CONCEPTOS
8	05/03/2020	05/06/2020	05/05/2020	Mesas e Cadeiras

Con respecto a esta voluntaria, tal en como pode ser observado no cadro anterior, esta tiña ampliado o seu prazo de finalización do período voluntario de ingreso **ata o 05/06/2020** e a súa data de cargo en conta estaba prevista para o 05/05/2020.

De conformidade ao sinalado no punto quinto da parte expositiva desta proposta, **dito prazo será ampliado ata o 20/10/2020** e con respecto ás **débedas obxecto de domiciliación** establécese como **data prevista de cargo en conta do 05/10/2020**.

De conformidade con o establecido na aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa por ocupación por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa do dominio público **as taxas xa devengadas durante o exercicio 2020 serán obxecto de rateo polo período da suspensión prevista**.

Ferrol, 9 de xuño de 2020

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos,

Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP nº 137 de 22/07/2019)

Fdo.: Mª Teresa Deus Trasobares